

NA SOIDADE, CHARAMUSCAS DE NOUTRORA ME VISITAN.

Non tiña con quen falar. Non tiña.
Por iso,
ó lonxe escribo as miñas verbas
dirixidas ó remoto das distancias,
ó cosmos infinito e inmensurable.
E aquí,
desde a lentura desta terra,
baixo nubes de altos ceos
escurecidas, cincentas, ...
Neste gris limiar da ausencia
que é a vida,
váiseme murchando a luz
e o Sol váiseme enchendo de penas
e opaco proxecta sombras
que van diluindo as formas
a cambio de nubes mestas.

*Na soidade é cando agroman
as lembranzas máis bonitas,
os ensoños e o pasado
coas máis feitas melodías,
con fragancias e recendos
volven a nós e acariñan.*

NA SOIDADE.

Non tiña con quen falar. Non tiña.
Non tiña a quen chorar as miñas bágoas,
aínda quentes e salgadas,
aínda amargas.

Non tiña con quen falar. Non tiña.
Por iso,
ó lonxe escribo as miñas verbas
dirixidas ó remoto das distancias,
ó cosmos infinito e inmensurable.
E aquí,
desde a lentura desta terra,
baixo nubes de altos ceos
escurecidas, cincentas, ...
Neste gris limiar da ausencia
que é a vida,
váiseme murchando a luz
e o Sol váiseme enchendo de penas
e opaco proxecta sombras
que van diluíndo as formas
a cambio de nubes mestas.

...Chegou firme e silandeira
coma unha amiga da alma

Non tiña con quen falar. Non tiña.
Non tiña a quen chorar as miñas bágoas,
aínda quentes e salgadas,
aínda amargas.
Non tiña onde mirar
nin quen para min mirase.
Non tiña ollos para ver, nin vía.
Nin tiña quen me sinalase
e, atento á miña escasa sorte,
viñera traer relampos de ilusión
na luz da alba.

Distraído co meu berro
no baleiro interminable
por ver se alguén me entendía
por ver se alguén me escoitaba
desde o fondo que me abrangue
na lonxitude do espacio,
compañeira despiadada
cando é tanta e tan grande.

...Chegou firme e silandeira
coma unha amiga da alma
que ó final queda con nós,
Soidade á que todos falan.

Non tiña con quen falar. Non tiña.
Volvín por ela buscar
aínda no principio do mencer
cando aínda os soños se abrazan
no silencio, nesa calma.
Eu ben sei
que canto máis ó lonxe falo,
máis soidades apozan nas entrañas.

Lembrareite, meu amor,
entre o fiuncho perfumado
cálido e tenro,
nas fragancias e aromas do anís,
con músicas espalladas
por saloucos ventureros
entre bicos acougados
nos farrapos do desexo.
...Melodías de arrecendos
van nos camiños do vento,
son charamuscas doutroa
no vapor do esquecemento.

Mágoa foi que desde entón
non chovesen as faiscas do amor ledo
e encenderan as esencias
que paso a paso lembro
caendo en nós mesturadas,
confundidas sen remedio.
E turbaran a presenza dunha flor,
entre o pétalo suicida

Charamuscas de noutrora.

pois camiña cos ensoños,
compañeira do silencio,
...no solpor das alboradas
cando xa nos falta tempo.

Lembrareite, meu amor,
entre o fiúncho perfumado
cálido e tenro,
nas fragancias e aromas do anís,
con músicas espalladas
por saloucos ventureros
entre bicos acougados
nos farrapos do desexo.
...Melodías de arrecendos
van nos camiños do vento,
son charamuscas doutrora
no vapor do esquecemento.

Mágoa foi que desde entón
non chovesen as faíscas do amor ledo
e encenderan as esencias
que paso a paso relembro
caendo en nós mesturadas,
confundidas sen remedio.
E turbaran a presenza dunha flor,
entre o pétalo suicida
cando xa non ten alentos
pois camiña cos ensoños,
compañeira do silencio,
...no solpor das alboradas
cando xa nos falta tempo.

...¡Ai!, se daquelas choveran
coma a ardentía fraguando
as muxicas dos devezos,
fundindo o ser coa paisaxe
e devolvernós, coa súa acesa paixón,
nun bico cálido e tenro
que forma parte de nós,
pois sendo quen somos, ¡seremos!

*Charamuscas de noutroa
desde a memoria nos bican
as tardes ó sol
con tempo e espacio enchidas,
tentando as cores da flor
buscando as luces máis lindas
para fraguar nun crisol
das lembranzas, maravillas.*

Lembrareite, meu amor.
Que agora todo é lembrar
as memorias dun pasado,
dun pasado que aínda teño,
e que me estimula o acordo
pero me rouba o sosego.

Lembrareite, meu amor
que ti es o meu segredo,
...charamuscas de noutrora,
no vapor do esquecemento.
Botando area no mar,
...coidando de un día enchelo

*Charamuscas de noutrora
desde a memoria nos bican
pousando as tardes ó sol
con tempo e espacio enchidas,
tentando as cores da flor
buscando as luces máis lindas
para fraguar nun crisol
das lembranzas, marabillas.*